

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



**DOSSIER
DE PRENSA**

**PROGRAMA
DE RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS
DO GAIÁS
2022**



**XUNTA
DE GALICIA**

R

E



G

A

PROGRAMA DE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO GAIÁS 2022

A Cidade da Cultura presenta o seu Programa de Residencias Artísticas do Gaiás (REGA) para o 2022, unha das súas liñas de traballo máis ambiciosas para apoiar o talento e dar visibilidade á creación artística e cultural contemporánea, tanto galega como internacional, en liña cos obxectivos do II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura 2021-2027.



4 RECURSOS FUNDAMENTAIS PARA APOIAR A CREACIÓN ARTÍSTICA

Poñemos a disposición de artistas, creadoras e creadores tempo, espazos, equipos técnicos e unha ampla rede de alianzas para fortalecer o ecosistema cultural desde o Gaiás.

CONVOCATORIA PARA O TALENTO GALEGO E INTERNACIONAL

Un proceso aberto e inclusivo co sector e coa colaboración con institucións e colectivos como o Centro Dramático Galego, o colectivo RPM, a asociación cultura AÍS ou a Universidade de Vigo.

25 NOVAS PROPOSTAS DE VANGARDA

Novos proxectos nos eidos da música, a escena, a danza, as artes performativas e audiovisuais, a literatura, a creación dixital e os videoxogos agroman e medran grazas ao programa REGA.

RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DE XANEIRO A XULLO



1. FACENDO NOVOS CAMIÑOS

Xaneiro – abril 2022

3 propostas de vangarda en danza, música e escena que xiran arredor da idea do camiño e o camiñar. Estrea no Festival Escenas do Cambio.

→ ARTISTAS EN RESIDENCIA: MERCÉ DE RANDE, RAMÓN SOUTO, MATEO FEIJÓO.




2. RESIDENCIA COMTECART

Marzo – abril 2022

Equipos multidisciplinares de novos talentos na arte, na narrativa, no deseño e na tecnoloxía crearán un prototipo de videoxogo baseado nunha obra literaria galega

→ COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO
→ 9 ESTUDANTES E EGRESADOS RECENTES EN RESIDENCIA




3. CLÁSICAS DESFEITAS VOL 4. E 5

Marzo 2022

Revisión e actualización de clásicos do medievo a través de propostas escénicas innovadoras e contemporáneas

→ COLABORACIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
→ COLECTIVOS EN RESIDENCIA: GALEATRO, MOVING COMPASS.

Para a segunda meta de do ano convocaranse 4 novas bolsas en residencia para o desenvolvemento de proxectos relacionados coas artes visuais, o deseño, a danza ou a música.



4. RESIS EN RESIDENCIA

Abril 2022

"You erase yourself": unha instalación sonora inmersiva que traballa sobre o concepto de desmaterialización do tempo e o espazo

→ COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL AÍS E O RESIS FESTIVAL

→ ARTISTAS EN RESIDENCIA: IGOR C. SILVA, NOÉ RODRIGO, COLECTIVO ARXIS ENSEMBLE




5. RESIDENCIAS PARAÍSO

Xuño – xullo 2022

Apoio á investigación e á creación para artistas de danza e artes vivas preocupadas e ocupadas polas derivas do seu tempo

→ COLABORACIÓN CO COLECTIVO RPM

→ CONVOCATORIA ABERTA A ARTISTAS DE GALICIA, ESPAÑA E PORTUGAL



6. RESIDENCIA LITERARIA


Xullo 2022

Un espazo no que compartir aprendizaxes e dúbidas entre autoras e autores emerxentes aspiran a facerse oco nas editoriais e escritoras e escritores consagrados

→ 10 PRAZAS PARA PERSOAS NACIDAS OU RESIDENTES EN GALICIA

FACENDO NOVOS CAMIÑOS

Residencia artística incluída dentro da programación Xacobeo 21-22 e enmarcada no festival Escenas do Cambio. Coa premisa de crear pezas inspiradas no camiño e na idea de camiñar, convidamos a tres artistas galegos con proxección internacional para que desenvolvan as súas propostas en danza, música e artes escénicas na Cidade da Cultura. Os resultados destas residencias daranse a coñecer no mes de maio en Escenas do Cambio.



"UNHA MULLER QUE CAMIÑA". MERCÉ DE RANDE

Mercé de Rande, bailarina, coreógrafa e artista interdisciplinar, combina movemento, música e vídeo nunha peza que constrúe de maneira específica para o Museo Centro Gaiás. A artista aprópiase do título dunha das esculturas máis famosas de Alberto Giacometti —"L'Homme qui marche" (O home que camiña)— para elaborar o seu propio relato sobre a experiencia de camiñar e como esta nos conecta coa memoria e o tempo, co espazo e tamén coa natureza.



"NIHIL". RAMÓN SOUTO

O compositor e músico Ramón Souto investiga e afonda sobre a obsolescencia do humano nun mundo onde os automatismos técnicos están cada vez máis presentes. Con esta idea, artella unha intervención sonora na Cidade da Cultura que explora o espazo a diferentes niveis (acústico, cinestésico, visual) para representar a angustia como a forma dominante da vida contemporánea. Unha vida caracterizada pola repetición, a saturación audiovisual omnipresente, a ausencia de baleiro e de silencio, e o cambio perpetuo como forma de alienación e de anulación da vontade.



"SONS DO ESQUECEMENTO OU A NAVALLA DO TEMPO". MATEO FEIJÓO

O director artístico, coreógrafo e programador Mateo Feijóo —responsable no seu día de traer a vangarda europea aos escenarios do Teatro Laboral en Xixón ou das Naves Matadero, en Madrid— procura agarrar nesta proposta os últimos ecos dun rural que esmorece ou xa non existe, recuperando, rexistrando e poñendo en valor o arquivo sonoro da natureza, dos espazos e das voces das labregas e labregos. A partir dun exhaustivo traballo de investigación artística e antropolóxica, Mateo Feijóo constrúe no Gaiás un artefacto de memoria e de imaxinario colectivo que nos despraza a novas sonoridades, a un novo lugar que se superpón aos recordos.

RESIDENCIA COMTECART

A residencia COMTECART é unha nova proposta de residencia artística de creación dixital e de videoxogos que nace da colaboración entre a Universidade de Vigo e a Cidade da Cultura. Comunicación, tecnoloxía e arte son os tres piares sobre os que asenta esta nova residencia do Gaiás que toma o nome do grupo de innovación educativa homónimo da UVigo e que entronca coa aposta pola innovación e as artes dixitais do II Plan Estratéxico Cidade da Cultura.

Durante catro fins de semana de marzo e abril, 9 estudantes e titulados recentes da UVigo, con perfís e competencias diversos en arte, deseño, narrativa, programación e comunicación, traballarán en equipo e de maneira intensiva no desenvolvemento dun prototipo de videoxogo a partir da novela *Arnoia*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.

RESIDENCIA LITERARIA

A Residencia Literaria da Cidade da Cultura materializa a aposta da Cidade da Cultura polo apoio á creación no campo das letras e da literatura. O diálogo, a escoita, a lectura e a posta en común son as bases dunha iniciativa na que participarán 10 autoras e autores emerxentes e inéditos de Galicia que compartirán dúbidas e aprendizaxes con escritores recoñecidos das letras actuais durante dúas semanas de estadía no Gaiás.



Nesta segunda edición estarán acompañados de Javier Peña, director da residencia, autor de *infelices* e *Agnes* e profesor de escrita creativa; Leticia Costas, autora galega destacada tanto en narrativa para público adulto como moi especialmente en literatura infantil e xuvenil, coa que ten acadado numerosos premios —Premio Merlín, Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil, Premio Lazarillo de creación literaria— e tamén proxección internacional; e Marta Sanz, autora


multipremiada en España polas súas novelas, relatos, poesía e ensaios, —finalista do Premio Nadal, Premio Ojo Crítico RNE, Premio da Crítica de Madrid de poesía, Premio Tenerife Noir, Premio Herralde de novela, Premio CEGAL de non ficción, entre outros.—, que afonda, tanto desde a literatura íntima, a novela negra ou a reflexión intelectual en cuestións de relevancia social e de actualidade.

A Residencia Literaria ten aberto o seu **prazo de inscrición ata o 22 de marzo de 2022.**

CLÁSICAS DESFEITAS

VOL 4. E 5

Clásicas desfeitas é un ciclo coproducido polo Centro Dramático Galego da AGADIC e a Cidade da Cultura que afonda en clásicos da literatura revisándoos e renovándoos desde a óptica contemporánea. En 2022 realizarase a residencia e posta en escena dos Volumes 4 e 5 do ciclo. Os proxectos seleccionados nesta edición son "Arte sen guión", da compañía Galeatro, e "Auto da barca", de Moving Compass, que traballarán, respectivamente, a partir de textos medievais da literatura galega e da obra *Auto da barca do Inferno*, escrita no século XVI polo portugués Gil Vicente.



Galeatro investiga e conxectura en "Arte sen guión" sobre a existencia dun "teatro clásico galego" do que non existen rexistros históricos. Partindo do estudo das estruturas narrativas e dramáticas medievais e dos materiais en lingua galega previos ao Rexurdimento —a cantiga, o entremés en verso, a alegoría e o coro—, e coa improvisación, a comedia e a música como elementos principais, Galeatro proponnos unha nova lectura do patrimonio cultural galego.

Moving Compass tráenos co seu "Auto da barca" unha proposta innovadora que leva o teatro de monicreques a un

escenario acuático para falar da relación do ser humano coa auga ao longo da historia, e aguilloar o noso compromiso coa preservación e a defensa do noso patrimonio natural. A posta en escena desta peza supón un desafío técnico importante que non conta con moitos referentes en España.

RESIDENCIAS PARAÍSO



A Cidade da Cultura renova por segundo ano a súa colaboración coas Residencias Paraíso, programa anual impulsado polo Colectivo RPM co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais para apoiar o desenvolvemento de proxectos relacionados coa danza e as artes vivas.

As Residencias Paraíso, diríxense a artistas de Galicia, do resto do territorio estatal e, como novidade este ano, tamén a artistas de Portugal.

A Cidade da Cultura acollerá en residencia, en colaboración co Salón Teatro, 2 das 8 propostas que resulten seleccionadas nesta convocatoria, que realizarán a súa estadía nos meses de xuño e xullo.

RESIS EN RESIDENCIA

Froito da colaboración coa asociación cultural AÍS e o RESIS festival, a Cidade da Cultura acolle nas RESIS en Residencia o desenvolvemento dunha das propostas de vangarda que formarán parte da programación deste festival de música contemporánea e artes vivas da Coruña, e que tamén se poderá ver no Museo Centro Gaiás.



"You Erase Yourself" é o título da proposta á que o compositor portugués Igor C. Silva, o percusionista alicantino Noè Rodrigo, integrantes do colectivo de músicos especializados en música contemporánea Arxis Ensemble, darán forma durante a súa estadía no Gaiás no mes de abril.

Trátase dunha instalación sonora inmersiva que traballa sobre o concepto de desmaterialización do tempo e do espazo, construíndo un xogo


de percepción visual dentro dun cuarto escuro que desaparece como tal cando entramos nel, e no que poderemos experimentar diferentes niveis e formas de interacción co son e coa imaxe.

RESIS busca poñer en valor as últimas creacións no eido da música contemporánea en lugares alternativos de representación que salientan o patrimonio arquitectónico galego.



FORTALECENDO O ECOSISTEMA CULTURAL DESDE O GAIÁS

A primeira edición das Residencias Artísticas do Gaiás trouxeron á Cidade da Cultura **68 artistas de Galicia, España, Portugal, México ou Italia.**



En 2021, xestáronse no Gaiás un total de 23 propostas de vangarda multidisciplinares que nos permitiron redescubrir personaxes e historias da literatura clásica a través da danza, a música e as artes escénicas; mirar con outros ollos e escoitar con outros oídos as obras das compositoras do Barroco para reivindicar a importancia da súa pegada na historia da música; aprender de escritoras cunha traxectoria recoñecida nas letras como Sara Mesa ou Berta Dávila, ou trasladar ao corpo e ás artes vivas a linguaxe poética de Xela Arias e o seu contexto social e vital, entre outras.

A Cidade da Cultura foi tamén o escenario onde se presentaron ante o público algunhas destas novas propostas, como as tres primeiras obras do ciclo "Clásicas desfeitas", co-producidas co Centro Dramático Galego, a intervención musical "Oh! rosas vivas", ópera prima da agrupación de nova creación Gallaecia, Ensemble Barroco, ou as pezas de videoarte "Formas da aparencia", da galega Verónica Vicente.

Ademais, as Residencias CHARCO favoreceron o diálogo e o intercambio artístico entre México e Galicia. Nelas participaron as artistas mexicanas Fritzia

Irizar e Mariana Castillo, que desenvolveron os seus proxectos na Cidade da Cultura, e as galegas Carme Nogueira e Julia Huete, que viaxaron ata o estado de Guanajuato para investigar e crear obras inspiradas na idea do tránsito, a memoria, a conexión entre territorios e o vínculo histórico das migracións.



**CIDADE DA
CULTURA DE
GALICIA**

**PROGRAMA DE
RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS 2022**



**Xacobeo
21·22**



**XUNTA
DE GALICIA**